

INFORME

Área intervención

Nº ref.: 16/04/2014

(MLD/mmv)

Asunto: Conta xeral Instituto Ourense de Desenvolvemento económico 2013

D^a. Mónica Legaspi Díaz, Interventora da Excm. Deputación Provincial de Ourense, en aplicación do artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación cos estados e contas anuais do exercicio de 2013 do Instituto Ourense de Desenvolvemento económico (en adiante INORDE) ten o deber de formula-la Conta Xeral e en base ao mesmo emite o seguinte informe.

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 114 a 116), modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sosteñibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, concretamente os seus artigos 208 a 212 (TRLFL, en adiante).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, concretamente o seu artigo 212 (LALGA, en adiante).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o Título VI do TRLRFL.
- Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, o seu artigo 119.3 (LGP, en adiante).
- Regras 97 e seguintes da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade para a Administración Local, aprobada por Orde EHA/4041/2004 do Ministerio de Economía e Facenda de 23 de novembro de 2004 (ICAL, en adiante).



Primeiro: O artigo 200.1 do TRLFL establece que as Entidades Locais e os seus Organismos Autónomos quedan sometidos ao réxime de contabilidade pública nos termos establecidos en dita Lei. O artigo 119.3 da LGP determina que o sometemento ao réxime de contabilidade pública conleva a obriga de render contas das súas operacións, calquera que sexa a súa natureza, ao Tribunal de Contas.

O réxime de contabilidade pública ao que están sometidas as Entidades Locais ten como fin último a obriga de render contas das súas operacións, e o mecanismo previsto polo TRLFL para cumprir esta obriga é a Conta Xeral. Así, segundo o artigo 208 do TRLFL *“as entidades locais, á terminación do exercicio orzamentario, formarán a conta xeral, que porá de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro patrimonial e orzamentario.”* Do anterior caberá concluír que a Conta Xeral non se limita a ser o instrumento que teñen as Entidades Locais para cumprila obriga formal de render contas, senón que constitúe o mecanismo que pon de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario apuntados. Permite, así mesmo, controlalo uso e destino dado aos fondos públicos, erixíndose, en definitiva, nun mecanismo de control.

Segundo: Polo que respecta ao alcance do presente informe, cómpre aclarar que non se leva a cabo unha fiscalización completa e detallada de todas e cada unha das operacións realizadas ao longo do exercicio, senón unha análise cinguida ás cifras agregadas derivadas dos Estados Financeiros e Contables. De conformidade co disposto no artigo 223 do TRLFL *“a fiscalización externa das contas e da xestión económica das entidades locais e de tódolos organismos e sociedades delas dependentes, é función propia do Tribunal de Contas, co alcance e condicións que establece a súa Lei Orgánica Reguladora e a súa Lei de Funcionamento.”*

Terceiro: A Conta Xeral das Entidades Locais, de acordo co art. 209.1 da Lei Reguladora das Facendas Locais (LRFL), aprobada por Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, está integrada por:

- a) A da propia entidade.
- b) As dos organismos autónomos.
- c) As das sociedades mercantís de capital integramente propiedade das entidades locais.

Cuarto: Á súa vez, a Regra 98 da Instrución de Contabilidade para a Administración Local, aprobada por Orde de 23 de novembro de 2004, establece que a Conta da propia entidade e a dos seus organismos autónomos, está integrada polas seguintes contas anuais:

- a) Balance.
- b) Conta do resultado económico - patrimonial.
- c) Estado de Liquidación do orzamento.
- d) Memoria.

As contas a que se refire a regra anterior deberán elaborarse seguindo as normas e axustándose aos modelos que se establecen na Cuarta parte do Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local anexo a esta instrución.

Ás contas anuais da propia entidade local e de cada un dos seus organismos autónomos deberá unirse a seguinte documentación:

- a) Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.
- b) Notas ou certificados de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local ou do organismo autónomo, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria. En caso de discrepancia entre os saldos contables e os bancarios, aportarase oportuno estado conciliatorio, autorizado polo Interventor ou órgano da entidade local que teña atribuída a función de contabilidade.

Quinto: Ao presente informe se adxunta o Balance, a Conta de Resultado económico - patrimonial, o Estado de Liquidación do Orzamento e a Memoria do INORDE, segundo os modelos e co contido regulado na Cuarta parte "Contas Anuais", do anexo da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local (ICAL), así como acta de arqueo das existencias de caixa a fin de exercicio.

Sexto: Polo que respecta ao procedemento e tramitación da Conta Xeral sinalar que o artigo 34.1.f) da LBRL atribúe ao Presidente da Entidade Local a competencia de rende-la Conta Xeral.

Pola súa banda o TRLRFL, no seu artigo 212.2 sinala que a Conta Xeral será formada pola Intervención. O prazo para a formación da Conta Xeral ten como fecha tope o 14 de maio xa que, tal como sinala o artigo 212.1 do TRLRFL o Presidente da Entidade Local deberá rendir a conta antes do 15 de maio

O artigo 116 da mesma Lei establece que as contas anuais se informarán antes do 1 de xuño pola Comisión Especial de Contas da entidade local ao obxecto de sometelas a información pública con carácter previo á aprobación polo Pleno.

Do mesmo xeito, se define na Regra 103 da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade, como cuentandantes os titulares das entidades e órganos suxeitos á obriga de render contas e en todo caso, o Presidente dos Organismos Autónomos.

A Conta Xeral, co informe da Comisión Especial de Contas, será exposta ao público polo prazo de quince días (15) durante os cales e oito días (8) máis, os interesados poderán presenta-las reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes. Examinados estes pola Comisión Especial de Contas e practicadas por esta cantas comprobacións estimen precisas, emitirá novo informe.

Acompañada dos informes da Comisión Especial de Contas e de todas as reclamacións e reparos formulados, a Conta Xeral se someterá ao Pleno da Corporación para que, no seu caso, poida ser aprobada antes do 1 de outubro.

A Conta Xeral, debidamente aprobada, se remitirá ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro do exercicio seguinte ao que corresponda. En calquera caso, tal e como se expón no preámbulo da Instrución de Contabilidade, e a diferenza do que acontecía coa Instrución anterior, tan só deberá remitirse ao Consello de Contas os estados que conforman a Conta Xeral e a documentación xustificativa integrada polos Xustificantes de Tesourería.

Sétimo: Parece oportuno, chegados a este punto, facer as seguintes observacións do contido das contas individuais integrantes da Conta Xeral do INORDE do exercicio 2013.



A) BALANCE DE SITUACIÓN.

O Balance amosa a posición do patrimonio referida ao peche do exercicio, estruturándose a través de dúas masas, activo e pasivo, desenvolvidas cada unha delas en agrupacións que representan elementos patrimoniais homoxéneos. En definitiva, o Balance caracterízase como o estado financeiro que expresa a composición e situación do patrimonio ao día do peche do exercicio, antes da aplicación dos resultados, recollendo no activo os bens e dereitos da Entidade, así como os posibles gastos diferidos, e no pasivo as obrigas e os fondos propios da Entidade.

O total do Activo e do Pasivo da entidade local ascende a 17.002.909,97 €

Amortizacións: Non foron dotadas as correspondentes amortizacións de Inmobilizado, xa que, non existe a día de hoxe un inventario dispoñible e actualizado, o que dificulta extremadamente e case que imposibilita, proceder a verificar os bens que son susceptibles de amortización contable e a correspondencia dos referidos bens cos datos obrantes na contabilidade provincial.

Neste punto lembrar a obriga das Entidades Locais, imposta polos artigos 86 do Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, e artigo 17 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, de realizar un Inventario de todos os seus bens e dereitos. Neste mesmo orde de ideas a Regra 16 da ICAL reitera a referida obriga. En definitiva non está a disposición da Intervención Provincial a base amortizable neta, determinada pola diferenza entre o valor contable activado menos a amortización acumulada ata a data e o valor residual esperado, como establece a Regra 19 da ICAL. O descoñecemento da base amortizable neta imposibilita realizar o cálculo da amortización.

A ausencia de contabilización da dotación das amortizacións implica un gasto non contabilizado do que se derivaría un beneficio menor ou unhas perdas na Conta de Resultado Económico -Patrimonial e un menor importe do Inmobilizado no Balance por non estar reflectida a amortización acumulada.

Fondos líquidos: No activo do balance refléxase o importe da tesourería da entidade local (conta 57) por 408.285,13 €, que coincide cos fondos líquidos reflexados no estado do remanente de tesourería.

Resultados do exercicio: A Conta 129 de resultados do exercicio reflexada no pasivo do balance de situación por importe de -672.169,25 € reflexa o desaforro producido no INORDE no exercicio 2013.

B) CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL

A Conta do resultado económico -patrimonial comprende, coa debida separación, os ingresos e beneficios do exercicio e os gastos e perdas do mesmo, e, por diferenza, o resultado, aforro ou desaforro.

O desaforro da Conta de Resultados para o exercicio do ano 2013 ascende a -672.169,25 €. Detéctase un incremento moi suave do gasto respecto da conta de resultado económico -patrimonial do exercicio 2012, aínda que tamén diminúen en mais de un millón de euros os ingresos, de ahí que o aforro no exercicio 2013 (-672.169,25 €) resulte negativo fronte ao aforro de 2012

C) ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO.

Gastos. A liquidación do orzamento de gastos ten as seguintes cifras finais:

- Créditos orzamentarios. Iniciais (1.166.963,88 €), modificacións (1.094.270,44 €) e definitivos (2.261.234,32 €)
- Gastos comprometidos: 1.885.874,78 €
- Obrigas recoñecidas netas: 1.861.300,80 €.
- Pagos: 1.615.078,65 €.
- Obrigas pendentes de pago a 31-12-2013: 246.222,15 €.
- Remanentes de crédito: 399.933,52 €

Ingresos. As cifras finais do orzamento de ingresos, unha vez liquidado, son as seguintes:



inorde

Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico
Deputación Provincial de Ourense

- Previsións iniciais. 1.166.963,88 €
- Modificación de previsións. 1.094.270,44 €
- Previsións definitivas. 2.261.234,32 €
- Dereitos recoñecidos. 1.668.593,27 €.
- Dereitos anulados. 0,00 €.
- Dereitos recoñecidos netos. 1.668.593,27 €.
- Ingresos netos. 1.335.943,50 €.
- Dereitos pendentes a 31-12-2013: 332.649,77 €.

Da Liquidación do orzamento xorde o resultado orzamentario determinado pola diferenza entre o importe dos dereitos recoñecidos netos e as obrigas recoñecidas netas, practicando os axustes derivados das desviacións de financiamento positivas e negativas xurdidas dos proxectos de gasto con financiamento afectado e dos gastos financiados co Remanente líquido de Tesourería, xa que non se trata de recursos do exercicio senón de sobrantes de exercicios anteriores, e o Resultado Orzamentario refírese ós movementos orzamentarios do propio exercicio.

Resultado Orzamentario do exercicio 2013

| CONCEPTO | DEREITOS RECOÑECI DOS NETOS | OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS | SALDO |
|---|--------------------------------------|---------------------------------|-------|
| Operacións correntes | 1.146.063,06 | 1.300.974,60 | |
| Outras operacións non financeiras | 503.598,71 | 560.326,20 | |
| TOTAL OPERACIONES NO FINANCIERAS | 1.649.661,77 | 1.861.300,80 | |
| Activos financeiros | 18.931,50 | 0,00 | |
| Pasivos financeiros | 0,00 | 0,00 | |



inorde

Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico
Deputación Provincial de Ourense

| | | | |
|---|----------------------------|----------------------------|---------------------------|
| TOTAL OPERACIÓNS FINANCIEIRAS | 0,00 | 0,00 | |
| <u>RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO</u> | <u>1.668.593,27</u> | <u>1.861.300,80</u> | <u>-192.707,53</u> |
| AXUSTES | | | |
| Desviacións positivas de financiamento (minoran o resultado) | | | 202.203,49 |
| Desviacións negativas de financiamento (aumentan o resultado) | | | 171.040,33 |
| Gastos financiados con remanente líquido de tesourería | | | 244.492,37 |
| <u>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO</u> | | | <u>20.621,68</u> |

Ao respecto cómpre remitirse a análise plasmada no informe da liquidación.

D) MEMORIA.

A Memoria da Conta Xeral ten por finalidade completar, ampliar e comentar a información e os datos resultantes do Balance, da Conta de Resultado Económico - Patrimonial e do Estado da Liquidación do Orzamento a través dos seguintes apartados integrantes da mesma:

1. Organización.
2. Xestión indirecta de servizos públicos.
3. Bases de presentación das contas.
4. Normas de valoración.

5. Inversións destinadas ao uso xeral.
6. Inmobilizacións inmateriais.
7. Inmobilizacións materiais.
8. Inversións xestionadas.
9. Patrimonio Público do Solo.
10. Inversións financeiras.
11. Existencias.
12. Tesourería.
13. Fondos propios.
14. Información sobre o endebedamento.
15. Información das operacións por administración de recursos por conta de outros entes públicos
16. Información das operacións non orzamentarias de tesourería.
17. Ingresos e gastos.
18. Información sobre valores recibidos en depósito.
19. Cadro de financiación.
20. Información orzamentaria.
21. Indicadores.
22. Acontecementos posteriores ao peche.

A Memoria ten a documentación prevista nas Instrucións de Contabilidade aprobadas para a administración local o 23 de novembro de 2004, recollendo como documento a resaltar no presente informe o remanente de tesourería, cuxos datos son:

REMANENTE DE TESOURERÍA

| | |
|----------------------------------|--------------|
| Fondos líquidos(+) | 408.285,13 € |
| Dereitos pendentes de cobro (+) | 372.125,92 € |
| Obrigas pendentes de pago (-) | 848.831,54 € |
| Remanente de Tesourería total | -68.420,49 € |
| Saldos de dubidoso cobro | 57.278,70 € |
| Exceso de financiamento afectado | 0,00 € |



inorde

Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico
Deputación Provincial de Ourense

Remanente de Tesourería para gastos xerais..... -125.699,19 €

Respecto das medidas a tomar co remanente de tesourería negativo xa se fixo mención no informe de liquidación do orzamento

Oitavo.- Os estados e contas anuais que integran a Conta Xeral son o reflexo contable da realidade económico - patrimonial, que debe ser o máis fiel posible, e en tanto non se observa nada que desvirtúe iso de xeito suficiente para impedir a súa aprobación, infórmase esta en sentido favorable.

A Comisión Especial de Contas á hora de informar e o Pleno provincial decidirán o máis convinte.

Ourense, a 16 de abril de 2014

A Interventora,

Mónica Legaspi Díaz